



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, a **Excma. Sra. D.^a Tereixa Paz Franco, Vicepresidenta 1^a do Parlamento de Galicia.**

E doutra, **D. Máximo Pló Casasús, Vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior**, en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC), por delegación do Reitor en virtude de Resolución Reitoral do 7 de xullo de 2006, (DOG do 8 de agosto de 2006) con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración deste Convenio de cooperación formativa entre o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, polo que

EXPOÑEN

O interese de ámbalas dúas entidades en reforzar a formación dos/as estudantes universitarios/as para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas, e preparando a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

O conxunto da sociedade debe abordar urxentemente o desafío en relación ao cambio climático. O incremento e dependencia enerxética actual conduce precisamente a existencia dun desequilibrio entre as políticas ambientais e enerxéticas, con consecuencias moi perigosas para o conxunto do planeta. Debe avanzarse nun modelo de integración da política enerxética e climática, coma estratexia inmediata que permite acadar un obxectivo fundamental, a de limitar o aumento da temperatura media mundial a non máis de 2º C por riba dos niveis preindustriais.

A educación e a formación nas tecnoloxías e na innovación teñen que protagonizar un destacado papel na consecución deste obxectivo. Xunto ao consumo responsable dos recursos, primeiro paso a dar, hai que promover decididamente as tecnoloxías ambientais e a ecoinnovación con emisións de carbono reducidas sostibles e seguras, as enerxías renovables e a eficiencia enerxética dos recursos.

O Máster de Enerxías Renovables e Sostibilidade Enerxética, crea o marco ideal para a realización dun convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Parlamento de Galicia, coa intención de poñer a disposición dos futuros profesionais o coñecemento e avance tecnolóxico máis recente neste eido, e favorecer así fórmulas que permitan avanzar nos obxectivos para frear o acelerado quecemento global do planeta.

Con este fin, e ó abeiro do establecido no *Real Decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, Regulador dos Estudos universitarios oficiais de posgrao*, e consonte tamén coas resolucións a tal efecto da Comunidade Autónoma de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela, acordan establecer un Convenio de cooperación formativa sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é o apoio institucional e orzamentario a diversas accións de desenvolvemento de actividades formativas coma conferencias, seminarios, prácticas en empresas, etc., e relacionadas coas enerxías renovables, eficiencia e aforro enerxético, coma solución ao problema do Cambio Climático, e incluídas no Máster oficial que desenvolve a Universidade de Santiago de Compostela dentro do seu Programa Oficial de Posgrao, baixo a denominación de “Máster en Enerxías Renovables e Sostibilidade Enerxética”.

SEGUNDA. CAMPUS E CENTROS AFECTADOS

As actividades formativas previstas serán dirixidas baixo a responsabilidade da USC, por medio da Coordinadora do Máster en Enerxías Renovables e Sostibilidade Enerxética, a Prof. Dra. Ángeles López Agüera, e terán como sede de referencia o Edificio da Facultade de Física, no Campus de Santiago de Compostela, e no Edificio do Parlamento de Galicia, onde se impartirá un dos Módulos incluídos no Máster así como a recepción dun dos seminarios prácticos para comprobación in situ de instalacións exemplares.

TERCEIRA. OBRIGAS DO PARLAMENTO DE GALICIA

a) O Parlamento de Galicia comprométese a apoiar económica e institucionalmente as actividades mencionadas na cláusula primeira. O apoio económico consistirá na dotación dunha bolsa de colaboración destinada a sufragar o 40% do importe de 11 matrículas e a de 1 Bolseiro para a realización dun Trabajo Fin de Máster complementario das súas prácticas no Parlamento de Galicia.

b) O Parlamento de Galicia acollerá o desenvolvemento íntegro do Módulo I “Enerxía e empresa: Sostibilidade” contemplado no Máster, sendo a súa responsabilidade a de dispoñer dunha das salas do edificio para acoller aos participantes do evento durante o tempo que este dure, e equipada co

soporte e medios audiovisuais necesarios para impartir de xeito normal as clases teóricas previstas.

c) O Parlamento de Galicia acollerá e desenvolverá un dos talleres contemplados no Máster, impartido polo persoal técnico do Parlamento, cunha carga docente de 1 ECTS, e baixo a denominación de "Edificios Públicos, eficiencia Enerxética, e a implantación de enerxías renovables. O caso do Parlamento de Galicia". Que dito taller poderá ser extensivo a cubrir a oferta formativa aos estudantes da rama de experimentais e técnicas, e beneficiado dun crédito optativo.

d) O Parlamento de Galicia acollerá a un alumno do Máster en calidade de prácticas tuteladas para a realización do Traballo Fin de Máster, co obxecto de desenvolver tarefas formativas axeitadas ao seu nivel de formación, e que lle sirvan para adquirir unha experiencia enriquecedora para que, unha vez finalizado o seu período de estudos, poida dispoñer dunha perspectiva que lle permita o seu engarce no mundo laboral.

As prácticas que son obxecto deste convenio realizaranse no período e baixo a tutela que determine a Comisión de Seguimento.

e) O Parlamento de Galicia organizará unha visita guiada polo seu edificio a tódolos participantes do Máster.

CUARTA. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a) A axuda institucional traducirase na páxina web oficial do Máster en Enerxías Renovables e Sostibilidade Enerxética e a inclusión do logotipo do Parlamento de Galicia en toda aquela publicidade que se faga deste Máster, en calquera soporte, figurando o Parlamento de Galicia coma entidade Patrocinadora do mesmo.

b) Que a Universidade de Santiago de Compostela, por medio dos responsables de coordinación e organización do devandito Máster, encargaranse de desenvolver os contidos e programación do evento, así como da xestión do crédito optativo do seminario práctico a impartir no Parlamento de Galicia.

c) Que a Universidade de Santiago de Compostela, a través da Comisión definida para tal fin dentro Máster, será o encargado da selección de alumnos beneficiados das matrículas que outorga o Parlamento, conforme a os criterios que ó respecto establece o Consello de Goberno da USC, nunha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e

mérito, segundo criterios de Expediente Académico del Grado ou Titulación de Acceso. De non ser suficientes, teranse en conta:

- Titulación que deben cursar os alumnos
- Materias que deben ter superadas
- Entrevista persoal
- Outros requisitos

d) Que a Universidade de Santiago de Compostela será a encargada da selección do bolseiro que desenvolverá o seu Traballo Fin de Máster no Parlamento de Galicia e beneficiario da axuda outorgada para tal fin, usando como base as cualificacións acadas no Máster e, de ser preciso, conforme os requisitos marcados no punto anterior.

O feito de que o alumnado realice prácticas co Parlamento de Galicia non suporá ningún tipo de relación laboral con ela nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

e) A Universidade de Santiago de Compostela será a responsable da avaliación das prácticas realizadas polo alumno durante o seu Traballo Fin de Máster no Parlamento, a través do titor/-ra, e á vista da memoria final sobre o traballo realizado que ao remate de fin de prácticas terá que entregar o alumno, e do informe do titor/-ra de prácticas responsable do Parlamento de Galicia. Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a Guía Docente do Programa de Estudos.

Se a avaliación da memoria é positiva, e o informe da actuación favorable, o Parlamento de Galicia emitiralle ao alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación realizados ou avaliación, etc.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice a Universidade de Santiago de Compostela.

f) A Coordinadora do Máster, en representación da Universidade de Santiago de Compostela, deberá xustificar o investimento e utilización da subvención concedida na forma prevista na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

QUINTA. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

a) Por parte do Parlamento de Galicia

Por parte do Parlamento de Galicia o apoio económico consistirá na dotación de 12.000 euros para financiar o recollido no apartado a da cláusula TERCEIRA deste convenio.

Esta subvención aboarase unha vez asinado o Convenio e coincidindo co inicio da programación do Máster e realizadas as devanditas accións e xustificadas por parte da Universidade de Santiago de Compostela o destino final dos gastos correspondentes, sen que o seu importe poida exceder do gasto xustificado nin da contía máxima concedida.

O seu importe imputarase ao crédito da partida 01.01.111B.448 do correspondente orzamento anual do Parlamento de Galicia.

b) Por parte da USC

Este convenio non supón gasto algún para a Universidade de Santiago de Compostela, razón pola que non precisa de consignación orzamentaria.

SEXTA. COMISIÓN PARITARIA.

Crearase unha Comisión paritaria de relacións entre Universidade de Santiago de Compostela e o Parlamento de Galicia.

Esta Comisión estará integrada por dous membros de cada entidade, e terá por misión servir de enlace entre ámbalas dúas institucións en todo o referido ao cumprimento deste convenio.

Esta Comisión comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- Formular as propostas sobre o desenvolvemento das accións do Máster contempladas co Parlamento de Galicia e ao abeiro deste convenio.
- Propoñer ao reitor o nomeamento tanto do titor responsable do Parlamento de Galicia, como por parte da Universidade de Santiago de Compostela, para cada un dos prazos ou períodos nos que se convoquen as prácticas no Parlamento de Galicia.

- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas tuteladas no Parlamento de Galicia.
- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- Propoñer *addendas* ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

SÉTIMA. FINAL

Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o remate do curso deste Máster Oficial.

En proba de conformidade coas súas estipulacións, asínase o presente Convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo.

POLO PARLAMENTO DE GALICIA

A Vicepresidenta Primeira

Tereixa Paz Franco

POLA UNIVERSIDADE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

O Vicerreitor de Oferta Docente e
Espazo Europeo de Educación
Superior

Máximo Pló Casasús